

**Obra enraizada no territorio,
na que tamén están presentes outras culturas atlánticas
(Carballo, 19-4-2013)**

O **Instituto de Estudos Bergantiñáns**, que como sabedes, ten como misión primordial investigar, coñecer e divulgar a identidade xeográfica, histórica e cultural da comarca de Bergantiños, pero tamén da rexión xeográfica na que está incluída, a Costa da Morte, e de Galicia, non podía deixar de facer referencia ao libro *Costa do Solpor*, de Xosé M^a Lema, unha novela moi **enraizada no territorio** no que se desenvolve a acción, esta parte máis occidental da costa galega, onde se sitúa tamén a nosa comarca.

Riqueza histórica e cultural

Existen moitas publicacións, que fan referencia a contidos xeográficos, históricos, etnográficos ou literarios de Bergantiños ou da Costa da Morte, pero todos eles cun carácter ensaístico ou divulgador, pero que o fagan desde un punto de vista **da creación literaria, hai poucos**, e coa amplitude e profundade como aparece nesta novela, aínda menos. Por iso ningún bergantiñán, soneirán ou fisterrán, e incluso diríamos galego, preocupado polo coñecemento do territorio no que vive podería deixar de ler este libro. Mais se vos digo que a única motivación para lerdes esta novela é a **riqueza histórica e cultural** que agocha no interior das súas páxinas, sería moi nesgada a información que vos estou a transmitir, xa que o libro contén todos os ingredientes propios dunha novela: aventura, acción, intriga, sentimentos amorosos, etc. Polo que está asegurado **o entretemento** que moitos lectores buscan nun libro de aventuras como vén sendo este.

Se este sería motivo máis que suficiente para presentar este libro en Carballo, a nosa asociación ten aínda máis razóns para facelo, xa que todas aquelas persoas sensibilizadas coa cultura da comarca e que formamos parte deste territorio da Costa do Solpor, temos unha débeda co seu autor, pois grazas os seus anteriores traballos de investigación e divulgación sobre esta terra, tivemos a oportunidade de descubrir a riqueza artística que hai nas antas ou dolmens, nas igrexas e capelas, nos pazos, nos faros, nos cruceiros ou na arquitectura popular. Todo isto significou un enriquecemento cultural para todos os que aquí vivimos, pero tamén para todas aquelas persoas que nos visitan, e supuxo unha posta en valor de todo o noso patrimonio, que é un dos piares da atracción turística da Costa da Morte, e polo tanto, tamén significa riqueza económica, postos de traballo e ben estar, a pesar de que moita xente no sexa capaz de entendela deste xeito.

Un ADN moi definido

Cada vez vemos con maior frecuencia como cada espazo xeográfico e a comunidade que nel habita, trata de resaltar os seus símbolos de identidade: naturais, históricos ou culturais, porque iso é o seu ADN, a súa personalidade, diante dun mundo global, cada vez máis uniformizado. Este territorio da Costa do Solpor, ten precisamente **un ADN moi definido**, tanto nos seus trazos naturais coma nos históricos, pero fai falla descubrilos, darlle o seu merecido valor, e divulgalos, e X.M^a Lema, foi a persoa que máis fixo neste sentido, de aí o noso agradecemento.

Sen ese profundo e constante **traballo investigador**, non se podería elaborar esta extensa obra literaria tan **documentada e imbricada** no territorio, coma esta que imos

presentar. No libro tamén están presentes **outras culturas atlánticas** que teñen unha relación coa nosa como son a bretoa, a córnica, a escocesa ou a irlandesa, culturas que o autor coñece moi ben e que amosa a intención de relacionar.

Cremos que esta novela vai ter unha **gran repercusión** tanto na Costa da Morte coma en Galicia, porque fala de nós, dos galegos e galegas, descubre os nosos trazos persoais e amósalle ao mundo **a nosa riqueza natural, a nosa historia** ou **anosa cultura inmaterial**, como son os mitos ou as lendas, que verifican a antigüidade do noso pobo como civilización.

[Extracto da Introducción á presentación en Carballo;
Xan Fernández Carrera, profesor e presidente do Instituto de Estudos Bergantiñáns]